

## A Asociación Cultural Dorna celebrará o sábado a Regata do Bao

LA VOZ | VILAGARCÍA

■ A Illa de Arousa será escenario, este sábado, dunha nova edición da tradicional Regata do Bao de dornas a vela. Unha proba organizada pola Asociación Cultural Dorna da localidade, e na que se agarda a participación dunhas 35 embarcacións das tres rías pontevedresas.

A regata deste ano conta coa particularidade de ser puntuable para o Trofeo Ría de Arousa, impulsado polo cuarteto de clubes A.C. Dorna da Illa, Lajareu por Barlovento de Ribeira, A.C. Rabandeira de Vilanova de Arousa, e o Mariño Salnés de Cambados.

## Fontecarmoa acolle o inicio do Open Provincial de Automodelismo

LA VOZ | VILAGARCÍA

■ O Club Pirata R.C. de Vilagarcía organiza este sábado a primeira proba do I Open Provincial de Automodelismo Todo Terreo nas categorías 1/8 TT. gasolina e 1/10 TT. eléctricos.

A proba terá lugar no circuito de Fontecarmoa a partir das 16.30 horas. O 19 de xullo, o 16 de agosto e o 11 de outubro celebraranse as outras tres citas do calendario de competición do Open Provincial.

Asimismo, o Club Pirata R.C. está en trámites para organizar unha proba do Campionato Galego de Automodelismo na categoría de 1/8 T.T. Gas.

## O C.D. Ribadumia convoca a súa asemblea xeral para este domingo

LA VOZ | VILAGARCÍA

■ A directiva do Clube Deportivo Ribadumia convocou a tódolos seus socios e afeccionados a unha asemblea xeral extraordinaria este domingo, na casa de cultura da localidade arousá, a partir das 11.30 horas.

Tres son os puntos da orde do día da xuntanza. Os máis importantes son os dous primeiros, o balance económico da entidade e a situación da xunta directiva, xa que do seu debate dependerá o futuro inmediato do clube. A tanda de rogos e preguntas pechará a asemblea.



VÍTOR MEJUTO

Bea e Mascato serán dous dos puntais da selección española en Alemaña esta fin de semana

Participarán na terceira proba da Copa do Mundo de Augas Tranquilas

## Bea e Mascato voltan ó equipo español esta fin de semana

*O K-2 Kaiak do Grove gaña o terceiro torneo da Segunda División de kaiak polo*

Pablo Penedo

VILAGARCÍA

■ Os canoístas grovenses Alfredo Bea e David Mascato voltaron a ser convocados polo adestrador da selección nacional de piragüismo para defender as cores de España nunha proba internacional. Concretamente, na terceira regata da Copa do Mundo de Augas Tranquilas, que se celebra entre mañá e o domingo na localidade alemá de Duisburg.

Esta será, de feito, a segunda cita dos mecos coa Copa do

Mundo de Augas Tranquilas este ano, logo de asistir á súa segunda proba hai case un mes en Szeged (Hungría).

Bea e Mascato competirán tan só en parella, nas distancias de 500 e 1.000 metros. David Cal será o único representante español na canoa individual, participando nas tres probas, 200, 500 e 1.000 metros.

España tamén estará presente en Duisburg con outras once tripulacións: Teresa Portela (K-1 200 metros), Beatriz Manchón e Teresa Portela (K-2 200), María Isabel García, Beatriz Manchón, Jana Smidakova e Teresa Portela (K-4 200), Ana Varela (K-1 500 y 1.000); Carlos Pérez Rial (K-1 200 e 500), Jovino González (K-1 1.000), Javier Hernanz e Javier Fernández (K-2 200 e 500), Pablo Baños e Damián Vindel (K-2 1.000), e

Manuel Muñoz, Jaime Acuña, Aike González e Oier Aizpurua (K-4 200, 500 e 1.000).

Tamén esta fin de semana, a selección española competirá na Copa do Mundo de Marathón en Bergen (Noruega). Alí estarán Federico Vega, Rafael Carril, Ion Sagrado, Daniel Prego e os irmáns do Teso Andrés e Carlos.

Por outro lado, o K-2 Kaiak do Grove adxudicouse o terceiro torneo da Segunda División de Kaiak Polo de Galicia, disputado o pasado domingo en Poio.

O equipo meco cimentou este excelente resultado coa súa victoria por 3-2 sobre o equipo local e actual líder da clasificación xeral, o Arborada. O Club Náutico Pontecesures tivo, pola contra, un papel discreto, ó concluir a xornada na sexta posición, de oito.

## La yugoslava Kristina Lelas se convierte en la primera opción del Extrugasa

LA VOZ | VILAGARCÍA

■ Los responsables del Extrugasa Cocinas Carballo no han perdido el tiempo. Un día después de descartar definitivamente a la canadiense Hendry, todavía sin respuesta a la oferta vilagarciana de fichaje que se le hizo hace ya un mes, la directiva del club arousano ya ha fijado un nuevo objetivo prioritario.

Kristina Lelas es su nombre, y su nacionalidad, yugoslava. Internacional con la selección de su país, se trata de una 5 de 1,95 metros de estatura y cercana a los 30 años de edad, que ya conoce la Liga de Honor española. No en vano, jugó en ella hace dos temporadas con la camiseta del Linares. Un equipo con el que promedió unos 15 puntos y 7 rebotes por encuentro. La pasada campaña la pasó entre las principales ligas de Hungría y Francia.

Desde el Extrugasa Cocinas Carballo se comentó que «Lelas es nuestra primera opción» lo que, no obstante, «no quiere decir que no estemos mirando otras jugadoras».

### Cambio de horarios

Por otro lado, la entidad deportiva vilagarciana tiene previsto cambiar los horarios de los partidos de liga de su dos equipos sénior. Así, en principio, el conjunto de División de Honor volverá a jugar los sábados, pero media hora más tarde, a partir de las 19.30. Se quiere así dar tiempo para que los aficionados puedan asistir también a los encuentros de la plantilla de Primera B, que se jugarán el mismo día, a las 17.00 hs.

## El Caleiro finaliza la Liga de Fútbol de Veteranos como líder del Grupo C

LA VOZ | VILAGARCÍA

■ La Liga de Fútbol Veterano de Pontevedra 2002/2003 llegó el pasado fin de semana a su conclusión tras la celebración de la 38ª jornada.

Dilucidadas la mayor parte de las plazas de ascenso y de descenso en los cuatro grupos de la competición, el Caleiro y el Sanxenxo acaparraron la atención de los aficionados. No en vano, ambos se disputaban el liderato del único grupo en el que el primer puesto no estaba todavía adjudicado, el C.

Finalmente, el mejor colocado

de los dos fue el que se terminó llevando el gato al agua. El Caleiro no sólo mantuvo sus dos puntos de ventaja sobre el Sanxenxo, sino que incluso los aumentó a cuatro después de ganar a domicilio 1-5 al colista de la Liga, el Rincón de Poty O Rural, y de aprovecharse del pinchazo de su rival en su desplazamiento al campo del Santomé Carballo (2-2).

De este modo, el Caleiro finalizó primero con 84 puntos, por los 80 del Sanxenxo, los 74 del Cillero y los 68 del San Adrián, los cuatro ascendidos al Grupo

B. En el lado opuesto, el Atlético Seixo, el Fátima Poio, el San Andrés de Xeve y el Rincón de Poty descienden al D.

En cuanto al grupo B, el Vilalonga perdió 3-2 en su último partido, en casa del Verdugo, mientras que el Portonovencía 5-3 al González y Pumar. El primero desciende al Grupo C como penúltimo de la tabla, junto al Rápido Bahía, González y Pumar y Churrería Vázquez, mientras que sus vecinos completan una excelente temporada con el liderato de su clasificación y su ascenso al Grupo A,

junto al Centro A Lama, Bar Compadre y Arcade.

### El Boa Vila, sin opciones

Por su parte, el Boa Vila salió vapuleado de la ida de su semifinal del Torneo Autonómico, que lo enfrentó el pasado sábado en Ribadumia al Don Balón de Vigo. El resultado final, 0-5, fue sin embargo engañoso ya que el Boa Vila tuteó en todo momento al conjunto olívico, que marcó cuatro de sus tantos en los últimos diez minutos del choque. La vuelta se disputa este sábado en Samil.